

Páxinas extraídas do libro *Pequena historia de Vigo*,
escrito por Pedro Feijóo e ilustrado por Xosé Tomás

UN BIS: A HISTORIA DA OLIVEIRA



Sabedes porque a Vigo
lle chaman
"a Cidade Olivica"?

Pois porque a oliveira
é o seu símbolo,
tanto que en **1809**
xá aparece
representado
no seu escudo
de honra.



Disque a mediados do século XII,
os mesmos monxes do Temple que
construíron a primitiva igrexa de Santa
María, tamén plantaron diante
do templo unha oliveira.....

A comezos do século XV,
o crecemento da aldea motivou
que aquela primeira igrexa fose
substituída por outra maior,
un templo de estilo gótico
lombardo. Si, a igrexa mudou,
pero... sabedes que
permaneceu no seu adro?



Pois si, aquela mesma árbore plantada hai case trescentos
anos, agora xá convertida nunha frondosa oliveira.



De feito, a árbore continuou crescendo con tal xeito e forza,
que a comezos do século XIX xa aparecía descrita como
unha árbore tan grande que, ao seu redor,
sete artesáns
podían sentar a traballar coas costas pegadas
ao seu tronco e non se molestaren uns a outros...

Pero atentos, amigos, porque aquí é onde a historia vai dar un xiro inesperado...




O 28 de marzo de 1813, cando todos os veciños se atopaban reunidos na igrexa, celebrando o cuarto aniversario da Reconquista, a polvoreira do castelo de San Sebastián saltou polos aires. Mirade como sería de violenta a explosión que, a pesar da distancia que separaba o castelo da igrexa, o templo veríase tan afectado que non quedou máis remedio que acabar botándoo abaixo para erguer unha nova igrexa.

Por desgraza, a antiga oliveira non tiña cabida no novo proxecto...



Por fortuna, un dos homes máis importantes da cidade, don Cayetano Parada y Pérez de Limiá, ordenou que un enxerto daquela oliveira fose transplantado nos terreos da casa familiar, alá por onde hoxe a rúa do Príncipe vai atoparse coa Porta do Sol...



... E alí predeu e permaneceu ata que, no ano 1859, e precisamente para conmemorar o quincuaxésimo aniversario da toma da cidade, os netos de don Cayetano volveron sacar un novo enxerto daquela mesma árbore, esta vez para plantalo no paseo de Alfonso XII.



De maneira que aí a fedes: esta árbore que aínda hoxe nos contempla, nos dá sombra e nos ampara desde o miradoiro sobre a ría, é unha neta daquela primeira árbore, plantada case mil anos atrás, polos monxes do templo...

O símbolo da cidade!

